

TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2022



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda no segmento de turismo rural en Galicia. Ano 2022

	T. Interno	T. Receptor Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	64.837	82.581	62.063	209.480
NOITES	115.080	183.526	90.697	389.302
ESTADÍA MEDIA	1,77	2,22	1,46	1,86

DEMANDA TURISTICA

Neste ano 2022 obsérvase un comportamento positivo da demanda nos aloxamentos de turismo rural de Galicia por canto se aprecia un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 31,0%- coma do volume de noites –do 18,7%- en relación ao pasado ano 2021. Enmárcase esta dinámica nun contexto de recuperación no que tamén sobe aínda que con menor intensidade o número de prazas ofertadas –nun 5,6% neste caso-.

Este forte impulso non é suficiente, en cambio, para acadar os niveis previos á pandemia, de 2019. Neste sentido tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o volume de noites fican por debaixo das cifras de hai tres anos se ben cun importante nivel de recuperación –ambas variables superan o 90% do volume acadado antes da crise-.


Neste contexto descende tamén a estadía media, nun 9,4% en relación ao pasado ano, para situarse moi preto da cifra de 2019.

Evolución Demanda Turística en Turismo Rural. 2022/21 e 2022/19


	Viaxeiros	Noites	Estadía Media	Prazas
2022/21	31,0%	18,7%	-9,4%	5,6%
2022/19	-7,9%	-8,8%	-1,0%	-11,0%

DEMANDA TURISTICA

Reparto da demanda por CC.AA.
Ano 2022



Variación da demanda en turismo rural, por CC.AA.
2022/19



DEMANDA TURÍSTICA

- O comportamento da demanda turística no conxunto do Estado ten un carácter homoxéneo en relación ao pasado ano mais varía se comparamos as cifras co 2019, cos niveis previos á crise.
- Practicamente todos os destinos superan de forma notable os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade aqueles que xustamente sufriron con maior dureza os efectos negativos da crise –Canarias e Baleares, por exemplo, superan nun 47% e 40%, respectivamente, o volume de noites de 2021-. Castela A Mancha e Andalucía presentan tamén incrementos notables da demanda en termos interanuais –por encima do 30% en ambos casos-. No lado contrario, e como excepción á dinámica global, dous destinos presentan caídas da demanda, leves pero significativas –Murcia nun 3% e Madrid nun 6%-.
- Esta dinámica positiva permite a unha parte dos destinos españois superar tamén as cifras de 2019. Nove en concreto melloran os datos de hai tres anos, con maior intensidade Cantabria e Castela A Mancha –presentan un incremento próximo ao 20%- por diante de Aragón e Baleares–que superan en máis dun 10% o nivel anterior á pandemia-.
- No lado contrario oito destinos sitúanse por debaixo das cifras anteriores á pandemia, en niveis moi próximos Castela e León e Andalucía, e a maior distancia a C. Valenciana –que presenta unha porcentaxe de recuperación levemente inferior ao 80%-.
- Galicia atópase neste grupo, presentando a cuarta cifra de recuperación máis baixa do conxunto do Estado.
- En termos absolutos o destino de maior crecemento da demanda en relación ao pasado ano é Baleares que xera neste ano preto de 400 mil novas pernoctacións no segmento de turismo rural –o 18% do total da “nova” demanda-. Galicia gaña neste 2022 algo máis de 61 mil pernoctacións en comparación co anterior 2021.
- Castela e León é o destino máis importante a nivel estatal –con preto de 1,8 millóns de noites representa o 14,8% do total de España-. Seguen en orde de importancia Baleares –con 1,4 millóns de noites e o 11,7%-, e Andalucía e Cataluña –ambas con arredor de 1,3 millóns de noites, absorbendo cada unha entorno ao 11% do total estatal-. Estes catro destinos representan o 48% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia, con preto de 390 mil noites, sitúase no grupo medio-baixo co 3,3% do total estatal. Supera en volume a catro destinos –a C. Valenciana, Madrid, Murcia e A Rioxa-.


DEMANDA TURISTICA

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvanse varios períodos na evolución da demanda no segmento de turismo rural:

- Unha primeira etapa de crecemento sostido desde 2012 a 2017, a taxas importantes que permiten acadar un máximo da serie histórica con preto de 450 mil noites no conxunto da comunidade.
- A partir de 2017 a demanda cae e estabilízase ficando o nivel global en 427 mil noites antes da crise da Covid-19. Con isto Galicia conseguía manterse por encima das 400 mil noites de 2016 a 2019.
- En 2020 apréciase o forte impacto da pandemia, rexistrando unha caída do 57% que sitúa o nivel de demanda en algo máis de 185 mil noites –mínimos da serie histórica–.
- A partir dese momento iníciase un período de recuperación que leva a rexistrar 328 mil noites en 2021 e preto de 390 mil agora en 2022.

En termos absolutos o incremento deste ano supón a xeración de pouco máis de 61 mil “novas” pernocacións en relación ao pasado ano.

Evolución das noites en Turismo Rural. 2014-22




DEMANDA TURÍSTICA

A progresiva volta á normalidade na actividade turística leva non só a recuperar en boa medida os niveis de demanda previos á pandemia senón regresar tamén a unha distribución temporal semellante. Así, mantense o carácter estacional do turismo rural en Galicia con pequenas diferenzas respecto do observado en 2019. Así, neste ano o 43% da demanda concéntrase no verán, en xullo e agosto, sendo este último o mes de maior afluencia turística con pouco máis de 100 mil pernoctacións na comunidade –o 26% do total anual–.


O comportamento positivo da demanda neste 2022, en relación ao pasado 2021, é unha característica que se observa na primeira parte do ano, ata o mes de xullo, con incrementos máis notorios ata maio. A partir de agosto a dinámica cambia alternando meses de comportamento positivo –xullo, setembro e decembro– con meses de caídas en termos interanuais –agosto, outubro e novembro–. Esta diferenza entre os dous semestres débese en grande medida a que xa en 2021 a actividade no segmento de turismo rural conseguira resultados importantes a partir do verán, de aí que as diferenzas con este 2022 sexan inferiores.

En relación ao 2019 a dinámica é maioritariamente negativa no sentido de que o nivel de demanda fica en todos os meses por debaixo das cifras de hai tres anos salvo puntualmente en xullo e outubro.

Demanda nos establecementos de turismo rural. Anos 2019 e 2022, por meses



Variación da demanda en turismo rural. 2022/21, por meses




DEMANDA TURÍSTICA

En termos globais, por tanto, obsérvase un comportamento positivo da demanda nas temporadas media e baixa –con incrementos do 28% e 72%, respectivamente, en relación ao pasado ano- e, pola contra, unha leve caída no verán –como consecuencia do descenso rexistrado en agosto-. Contraponse isto ao observado en 2021 pois o inicio da recuperación da demanda produciuse precisamente no verán e en parte na temporada media, con maior retardo na temporada baixa.


Con esta dinámica o segmento de turismo rural regresa dalgunha maneira á estrutura temporal que tiña antes da pandemia, cun 43% das noites concentradas no verán, un 36% na temporada media e tan só o 21% na temporada baixa. No pasado ano 2021 o peso do verán ascendía ao 53% do total anual –máis da metade das noites concentrábase en tan só dous meses-, ficando o 47% restante repartido entre a temporada media –co 33%- e baixa –co 14% neste caso-.

As diferenzas respecto do observado hai tres anos quedan por debaixo dos dous puntos porcentuais no peor dos casos, sendo de medio punto, por exemplo, no peso da temporada media. Recupérase, por tanto, a distribución temporal da demanda previa á pandemia

**Variación noites en aloxamentos de Turismo Rural.
2022/21, por temporada**



Distribución temporal da demanda en Turismo Rural. 2019 e 2022, por temporada




DEMANDA TURISTICA

A evolución da demanda nos tres grandes períodos temporais coloca os niveis deste ano por debaixo dos valores de 2019, con menor distancia nas temporadas media e alta e máis lonxe en temporada baixa.

A pesar de rexistrar maior volume de demanda o verán sitúase aínda por debaixo dos niveis da serie 2016-21. Mantense, por tanto, en valores anteriores ao 2015. Similar comportamento se aprecia coas temporadas media e baixa, que con 139 mil noites e 81 mil noites, respectivamente, sitúanse en niveis de mediados da década pasada.

Evolución da demanda por temporadas. Período 2015-22




MERCADOS TURÍSTICOS

En 2022 o 77% da demanda en turismo rural corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que supón o 30% con 115 mil noites- como ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas, que representa o 47% con máis de 183 mil noites-.

O turismo internacional representa neste caso o 23% das noites nos aloxamentos de turismo rural de Galicia, cifra importante que representa a preto de 91 mil noites.

Desde unha perspectiva temporal obsérvase que esta estrutura da demanda mantén o forte peso do mercado nacional –absorbe tres de cada catro pernoctacións- sendo maioritario aquel que procede de fóra de Galicia. Esta estrutura aseméllase á observada antes da pandemia e difire do observado en 2020 e 2021 cando se reforzaba o peso do mercado nacional con máis do 90% das noites rexistradas.

Peso dos principais mercados en Turismo Rural. Ano 2022




MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvase neste ano un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. En particular, descende o turismo interno –dos residentes en Galicia, un 6%- e incrementase o receptor –o que provén de fóra da comunidade- tanto nacional –nun 6%- como internacional –en case o triplo-. A recuperación intensa concéntrase neste ano no turismo estranxeiro, que viña de estar moi condicionada polos efectos negativos da pandemia e con baixos niveis de demanda en 2020 e 2021.

En calquera caso, o incremento do turismo receptor neste ano 2022 non é suficiente para superar os niveis previos á pandemia e, en consecuencia, os tres segmentos de mercado fican por debaixo dos valores de hai tres anos, en cifras máis próximas tanto o interno como receptor nacional –recuperan entorno ao 95% da demanda previa á pandemia- e máis distante o internacional –que acada o 80% do volume de noites de 2019-.

Variación da demanda en turismo rural, por mercados.
2022/21



Variación da demanda en turismo rural, por mercados.
2022/19




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado interno, dos residentes en Galicia, sufriu coma todos os segmentos as consecuencias negativas da pandemia se ben neste caso o impacto foi menor -pois rexistrou unha caída do 39% en 2020, inferior á dos restantes mercados e mesmo noutras tipoloxías de aloxamento- e a recuperación máis rápida –en 2021 xa conseguira superar o nivel de 2019, anterior á pandemia, e situarse en niveis parellos aos máximos da serie histórica con 122 mil noites.

Agora en 2022 presenta un pequeno axuste, unha caída leve que sitúa o nivel final de demanda en 115 mil noites –cifra parella á rexistrada en 2015, a mediados da década pasada-.

Evolución do mercado INTERNO en Turismo Rural. Noites 2015-22




MERCADOS TURÍSTICOS

A evolución do mercado receptor nacional difire un pouco do comentado para o caso do interno. Sufriu o impacto da pandemia en 2020 perdendo entono á metade da demanda que tiña en 2019 para iniciar en 2021 a recuperación que leva a rexistrar 173 mil noites nese ano, tendencia que continúa pero con menor intensidade en 2022 chegando a rexistrar agora máis de 183 mil noites.

A recuperación é notable pero non suficiente para chegar aos niveis previos á crise –en 2018 e 2019 os volumes totais sitúanse no contorno das 190 mil noites-. O máximo da serie histórica sitúase en 2017, superando por primeira e única vez as 200 mil pernoctacións nun ano completo –concretamente, 218 mil-.

Evolución do mercado RECEPTOR NACIONAL en Turismo Rural. Noites 2015-22




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado internacional mantiña unha evolución relativamente estable antes da pandemia, situándose no contorno das 110 mil noites en Galicia de 2016 a 2019. En 2020 sofre, coma todos os segmentos pero con maior intensidade, as consecuencias negativas da crise e rexistra unha caída do 90% que leva a pasar de 113 mil noites en 2019 a 11 mil nese ano.

A recuperación no caso do turismo estranxeiro é máis lenta e tardía que no caso do nacional, e en 2021 segue condicionado polas medidas de restrición de mobilidade. Será agora en 2022 cando este segmento rexistre un forte impulso que o leve a situarse en niveis aínda lonxe dos anteriores á pandemia pero en todo caso superiores aos rexistrados a mediados da década pasada, con 91 mil noites no conxunto da comunidade.


Evolución do mercado INTERNACIONAL en Turismo Rural. Noites 2015-22



MERCADOS TURÍSTICOS

A evolución dispar dos diferentes segmentos de mercado leva a cambios na estrutura da demanda no ámbito do turismo rural en Galicia en relación ao pasado ano. Neste sentido perde peso o turismo interno –dos residentes en Galicia, entorno a sete puntos- así como o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas, arredor de seis puntos- e gaña peso, ao mesmo tempo, o internacional –en trece puntos neste caso-. Esta dinámica permite dalgunha maneira regresar á estrutura que o sector tiña antes da crise, con diferenzas iguais ou inferiores aos tres puntos porcentuais nos tres segmentos considerados. Tal circunstancia confirma a volta á “normalidade” logo de dous anos con fortes restricións e cambios que levaron a elevar o peso do turismo nacional a máis do 90% do total da demanda.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda turística. Período 2015-22



MERCADOS TURÍSTICOS

A distribución temporal dos tres grandes segmentos de mercado amosa comportamentos diferentes ao longo do ano.


Neste sentido é o turismo procedente do resto do Estado, o receptor nacional, o que presenta maior estacionalidade por canto o 57% do volume de noites concéntrase soamente no verán –sendo agosto o mes de maior afluencia co 37% do total anual-. Un 28,5% corresponde á temporada media quedando a porcentaxe restante distribuída entre novembro e abril –o 14% do total anual-. O 86% da demanda concéntrase, por tanto, de maio a outubro

No lado contrario está o turismo interno. Presenta menor perfil estacional respecto dos outros dous: no verán concentra o 25% do total anual ficando o 75% repartido a partes case iguais entre a temporada media e baixa.

O segmento internacional presenta un comportamento intermedio. Rexistra o seu pico de demanda tamén en agosto co 21% do total anual. E neste caso tamén o 86% das noites dos residentes no estranxeiro rexístranse de maio a outubro, quedando o 14% restante para a temporada baixa.

En temporada baixa é o mercado interno o que presenta maior volume fronte aos dous receptores, circunstancia que cambia de abril a outubro –neste caso é o receptor nacional o de maior presenza na comunidade-. Marca a excepción neste ano o mes de maio, período no que o maior volume corresponde ao segmento internacional


Estacionalidade dos mercados no segmento de turismo rural. Ano 2022, por meses



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑÓIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística, o mercado interno –correspondente aos residentes en Galicia- representa en 2022, tal como se viu anteriormente, o 29,6% do total das pernoctacións nos establecementos de turismo rural.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con máis de 64 mil noites representa o 16,5% do total da demanda en turismo rural –porcentaxe superior á do pasado ano-.
- Seguen en orde de importancia Cataluña –co 5,3%-, Andalucía –co 5,1%- e a C. Valenciana –co 4,1% neste caso-, mercados que se localizan lonxe da nosa comunidade. Neste sentido superan en volume e peso a mercados de proximidade como Asturias e Castela e León-. Xustamente este último é o quinto en orde de importancia representando o 3,2% neste caso.
- No ámbito internacional destaca EE.UU. como o principal mercado emisor a Galicia –circunstancia que xa aconteceu antes da pandemia, en 2019-. Agora en 2022 rexístranse algo máis de 12 mil pernoctacións correspondentes ao mercado americano, o 3,1% do total da comunidade –cifra similar á anterior á pandemia-. Este mercado viña ocupando o segundo lugar no ranking de principais países desde o 2015, por detrás do británico.
- En segundo lugar sitúase o mercado alemán –con nove mil noites representa o 2,3% do total- superando en volume e peso a mercados tradicionais como Reino Unido –que supón neste ano o 2,2%-, Francia –co 1,4%-, Portugal –co 1,3%- ou Italia –con menos do 1% neste caso-.
- Portugal, mercado tradicional na nosa comunidade e que normalmente lidera o ranking do turismo internacional, sitúase neste caso como o quinto en orde de importancia, mellorando levemente o seu peso respecto de anos anteriores cando representaba como máximo o 1% do total da demanda en turismo rural.


MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito estatal obsérvase un comportamento dispar dos principais mercados nacionais. Neste 2022 amosan unha dinámica positiva, superando as cifras do pasado ano, o mercado madrileño -con subas do 12% interanual- así como aqueles de maior proximidade –Asturias e Castela e León, con incrementos do 13% e 29%, respectivamente-.

No lado contrario amosan un comportamento negativo os mercados catalán e andaluz –cunha caída do contorno do 5%- e vasco –do 9% neste caso-, ademais do interno, dos residentes en Galicia –que rexistra un descenso do 6% neste caso. Só o mercado valenciano consegue manterse en volumes parellos aos do pasado ano.

Esta dinámica permite a dous mercados –Madrid e Asturias- superar tamén os niveis de demanda de 2019, anteriores á pandemia –nun 2% e 5%, respectivamente-. Todos os demais fican por debaixo dos valores de hai tres anos, con maior distancia Andalucía.

Evolución dos principais mercados nacionais en Turismo Rural. Noites 2022/21



MERCADOS TURÍSTICOS


A nivel internacional obsérvase un comportamento homoxéneo por canto os principais mercados melloran os niveis de demanda do pasado ano, con intensidade variable pero importante. Neste punto cabe destacar o notable incremento dos mercados británico e americano, que multiplican por cinco os niveis de demanda de 2021.

Todos os restantes mercados presentan tamén subas importantes, do triplo no caso do mercado alemán e do dobre no francés, portugués e italiano.

Esta dinámica intensa resulta insuficiente para acadar os niveis de demanda previos á pandemia e todos os principais mercados internacionais fican por debaixo dos valores de 2019, a menor distancia Alemaña e con maior diferenza Reino Unido, Portugal e Italia.

Con carácter xeral a recuperación do turismo internacional foi máis tardía que a do nacional e a agora en 2022 rexistra un forte impulso que se aprecia en todos os mercados pero, ao vir dunha época de niveis moi baixos, resulta insuficiente para conseguir as cifras anteriores á pandemia.

Evolución dos principais mercados internacionais en Turismo Rural. Noites 2022/21




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

O INE clasifica os establecementos de turismo rural en tres tipoloxías fundamentalmente: 1) Grandes Edificacións –pazos, casas grandes, casas reitorais,...-, 2) Casas Rurais –casas rurais, casas de aldea,...-, e 3) Turismo Activo –casas de labranza, agroturismo,...-. A adaptación a Galicia coincide coas categorías existentes na nosa comunidade: Grupo A, grupo B e grupo C-D, respectivamente.

En 2022 o 70% da demanda en turismo rural –con preto de 274 mil noites- corresponde ao segmento das Casas de Aldea ou Grupo B. Un 20% opta por modalidades do Grupo A –son 79 mil noites- mentres que tan só o 10% elixe os aloxamentos dos Grupos C e D –casas de labranza,...-. Neste último segmento rexistráronse algo máis de 36 mil noites neste ano.

Peso das diferentes tipoloxías en Turismo Rural. Ano 2022




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

Obsérvase neste ano 2022 un comportamento homoxéneo da demanda nos diferentes segmentos de turismo rural. Neste sentido, increméntase o nivel de demanda –medida en número de noites- nos establecementos do grupo A –un 17%- así como no segmento das Casas Rurais –nun 19%- e nos establecementos do grupo C-D –cun crecemento neste caso do 20%-.


Nos tres grupos as variacións son de similar intensidade o que leva a manter practicamente invariable o seu peso en relación ao observado no anterior 2021.

Esta dinámica positiva non permite acadar os niveis previos á pandemia e os tres segmentos considerados fican por debaixo dos valores de hai tres anos, con porcentaxes de recuperación variables: do 90% nos aloxamentos do grupo A, do 95% do grupo B e de case o 80% naqueles dos grupos C e D.

Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías.
2022/21



Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías.
2022/19




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

É o segundo ano consecutivo no que se observa un incremento da demanda nos establecementos do grupo A –no pasado 2021 a suba fora importante, do 82%, como consecuencia do inicio da recuperación logo do forte impacto rexistrado en 2020 por mor da pandemia-.

Nos catro anos anteriores á crise o nivel de demanda neste segmento mantíñase no contorno das 90 mil noites, rexistrando o máximo da serie histórica en 2017 con preto de 93 mil pernoctacións.

A consolidación da recuperación neste 2022 sitúa o volume final en 79 mil noites.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo A. Noites 2015-22




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

A evolución da demanda no segmento das “Casas de Aldea” presenta un comportamento parello. Incrementábase neste ano –nun 19%- consolidando a recuperación iniciada no pasado 2021 logo da forte caída rexistrada en 2020 por mor da pandemia –que supuxo unha perda do 57%-.

A suba deste ano permite recuperar parte do perdido durante a pandemia e deixa a cifra final de demanda en 274 mil noites –dato que se sitúa por debaixo do nivel acadado no cuatrienio 2016-19-. O máximo da serie histórica colócase novamente en 2017 con preto de 315 mil pernoctacións.

Este segmento, o grupo B, de maior peso no conxunto da oferta, é tamén o que xera maior volume de noites neste ano 2022 –preto de 44 mil novas pernoctacións en comparación co anterior 2021-.

Evolución da demanda nos establecementos do Grupo B. Noites 2015-22




ANÁLISE POR CATEGORÍAS

No ámbito dos grupo C e D -Casas de labranza e Aldeas de Turismo Rural- a dinámica é tamén similar ao comentado para as modalidades anteriores. O incremento rexistrado neste 2022 –do 20%- consolida a recuperación iniciada no pasado ano e coloca o volume final de demanda en máis de 36 mil noites, cifra en todo caso insuficiente para acadar os valores previos á pandemia.

No trienio 2017-19 este segmento da oferta de turismo rural superaba sempre as 40 mil noites, acadando o máximo da serie histórica neste caso en 2019 con pouco máis de 46 mil pernoctacións.

Este segmento é o de menor peso no conxunto da oferta de turismo rural de Galicia e, a pesar de presentar unha dinámica parella ás outras dúas categorías, xera menor volume de noites –unhas seis mil novas pernoctacións en comparación co dato do pasado 2021-.

Evolución da demanda nos establecementos dos Grupos C e D. Noites 2015-22




A estadía media nos establecementos de turismo rural de Galicia sitúase en 1,86 noites neste 2022, cifra que descende nun 9% en comparación co anterior ano 2021.

É o segundo ano consecutivo no que se rexistra unha caída da estadía media no segmento de turismo rural en Galicia, circunstancia que deixa a cifra final deste ano no contorno de 1,9 noites, valor parello ao observado nos anos previos á pandemia. Dalgunha maneira a recuperación dos niveis de demanda levan a regresar a pautas de comportamento anteriores á crise –en 2020, por exemplo, a cifra ascendía a case 2,4 noites–.

Galicia presenta neste ano a cifra de estadía media máis baixa do conxunto do Estado. Canarias, con 4,5 noites, rexistra o valor máis elevado. A media do Estado sitúase en 2,8 noites.


Estadía media nos establecementos de Turismo Rural. 2015-22




A estadía media varía sensiblemente entre os diferentes segmentos de mercados. É o viaxeiro nacional procedente de fóra de Galicia –doutras comunidades autónomas- o que fica de media máis tempo en Galicia, con 2,2 noites neste ano 2022. Supera en máis de tres décimas a media da comunidade e marca maior diferenza cos dous restantes mercados: o viaxeiro residente en Galicia fica 1,8 noites mentres que o estranxeiro apenas chega a 1,5 noites de media –é o valor máis baixo de todas as tipoloxías de aloxamento da comunidade-.

En canto ás diferentes modalidades de aloxamento en turismo rural as diferenzas son neste caso menores. O valor da estadía media é superior nas casas do grupo B -1,92 noites de media- e inferior no grupo A –con 1,7 noites neste caso-.

Estadía media en Turismo Rural, por mercados.
Ano 2022



Estadía media en Turismo Rural, por tipoloxías.
Ano 2022




O incremento da demanda en relación ao pasado ano –medida en número de noites- prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible se ben con menor intensidade –o número de prazas ofertadas sobe un 5,6%-. Tal circunstancia tradúcese nunha mellora dos niveis de ocupación no ámbito do turismo rural -sobe en máis de dous puntos porcentuais ata situarse no 20,3% de media.

Incrementábase o nivel de ocupación por segundo ano consecutivo e de tal maneira que neste caso si consegue superar a cifra de 2019 –en apenas medio punto porcentual- e colocarse á par de máximo histórica acadado en 2017.


A pesar de ser unha porcentaxe baixa a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia no conxunto do Estado, superando agora en 2022 os niveis acadados en dez destinos. Baleares marca o nivel de ocupación máis alto cun 56,0% e, no lado contrario, é Castela A Mancha quen rexistra a cifra máis baixa cun 14,2% neste caso.

Grao de ocupación por prazas nos establecementos de Turismo Rural. 2015-22



O incremento da demanda nas diferentes modalidades de aloxamento rural en Galicia implica unha mellora dos niveis de ocupación soamente naqueles establecementos dos grupos A e B –de case tres puntos porcentuais en cada un deles- e, pola contra, leva a unha caída no grupo C-D como consecuencia neste caso dun incremento da oferta dispoñible –o número de prazas subiu un 30%- superior ao da demanda –co incremento do 20% no volume de noites-. Os aloxamentos do grupo A son os que de media rexistran un nivel de ocupación máis elevado co 22,0% neste 2022 –dato que supón en esencia un máximo da serie histórica-. Supera en case un punto a porcentaxe anterior máis alta, de 2017.

Nos grupos B e C-D os niveis de ocupación sitúanse levemente por debaixo do 20% -a diferente evolución levou neste caso a igualar as porcentaxes-, sendo en ambos casos cifras importantes que se sitúan preto das máis elevadas da serie histórica.




ANÁLISE TERRITORIAL

A Coruña e Pontevedra son as provincias que rexistran un maior volume de demanda en turismo rural –absorben o 30% e 29%, respectivamente, das noites neste ano 2022, con máis de 116 mil a primeira e máis de 112 mil a segunda-. Lugo e Ourense recollen o 40% restante, cun reparto desigual –un 25% a primeira e un 16% esta última-.

Cambia levemente a estrutura da demanda en relación ao pasado ano 2021, con variacións positivas en A Coruña e Lugo, estabilidade en Pontevedra e leve descenso en Ourense. Son diferenzas que non superan os tres puntos porcentuais no peor dos casos.

Obsérvase no ámbito do turismo rural un reparto territorial da demanda máis equitativo ou equilibrado en relación a outras tipoloxías de aloxamento como os establecementos hoteleiros ou os cámpings –onde se rexistra unha maior concentración da oferta e demanda nas provincias do litoral atlántico-.

Reparto territorial da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2022




ANÁLISE TERRITORIAL


Obsérvase neste ano 2022 un comportamento algo dispar da demanda en turismo rural a nivel territorial. Con carácter xeral a dinámica é positiva e increméntase o volume de noites en tres provincias –un 27% en A Coruña, un 23% en Lugo e un 20% en Pontevedra-, marcando a excepción Ourense que amosa un leve descenso do 1,2% que en realidade se traduce en certa estabilidade en termos globais. Esta dinámica é o que explica a perda de peso de Ourense no panorama turístico de Galicia neste ano 2022, cando menos no segmento de turismo rural.

A pesar dos incrementos rexistrados en tres provincias mantense a distancia respecto dos valores rexistrados antes da pandemia, sobre todo no caso de A Coruña e Lugo –que recuperan o 84% e 88% do total da demanda de 2019-. Pontevedra consegue achegarse ao 98% da cifra de hai tres anos e curiosamente Ourense, que tivo un comportamento menos impulsivo, mantense xustamente nas cifras anteriores á crise. De feito, salvo en 2020, o nivel de demanda en Ourense fica sempre nas 61 mil noites desde 2018 ata agora.

Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2022/21



Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2022/19




ANÁLISE TERRITORIAL

O turismo nacional supera en volume ao internacional nas catro provincias galegas se ben aprécianse diferenzas entre elas, acadando maior peso en Ourense –onde representa o 88% do total da provincia- e menor en A Coruña –na que supón o 63,5% do total-. Así pois A Coruña é tamén no ámbito do turismo rural a provincia con maior presenza do mercado estranxeiro.


A dinámica dos dous segmentos de mercado é variable a nivel provincial. Así, o turismo nacional sobe e mellora as cifras do pasado ano en Lugo e Pontevedra –nun 8% e 5%, respectivamente- e, sen embargo, presenta un comportamento negativo en A Coruña e Ourense –con descensos do 4% e 6% neste caso-. O mercado internacional amosa, en cambio, unha dinámica positiva nas catro provincias, con subas de notable intensidade que chegan a triplicar os valores do anterior 2021 en Pontevedra.

Neste contexto Lugo e Pontevedra presentan un comportamento homoxéneo dos dous segmentos de mercado mentres que A Coruña e Ourense amosan dinámicas dispares.

Reparto da demanda en turismo rural, por provincias e procedencia. Noites 2022



Evolución da demanda en turismo rural, por provincias e procedencia. Noites 2022/21




ANÁLISE TERRITORIAL

O reparto da demanda ao longo do ano, por temporadas, é relativamente parello a nivel provincial con algunha pequena diferenza. Neste sentido, todas as provincias presentan unha maior concentración da demanda no verán se ben aprécianse diferenzas de intensidade. Neste sentido Lugo é a que amosa maior peso da temporada alta cun 47% do total anual, porcentaxe que se sitúa no 46% en Pontevedra, baixa levemente ao 42% en A Coruña e ao 37% en Ourense.

Esta última provincia é a que presenta un reparto máis equilibrado ao longo do ano, concentrando o 34% da demanda na temporada media e o 29% na baixa. Nas restantes tres provincias o peso da temporada baixa é igual ou inferior ao 20%.

Lugo e Pontevedra son as provincias con maior perfil estacional da demanda.

Reparto da demanda por temporadas en cada provincia. Noites 2022




ANÁLISE TERRITORIAL

Tendo en conta a evolución da demanda por temporadas en cada provincia obsérvase que:

- O incremento da demanda en A Coruña e Pontevedra prodúcese basicamente fóra do verán pois na temporada alta rexístranse caídas do 2% e 4%, respectivamente.
- Lugo é a única provincia na que se observa un comportamento homoxéneo a nivel temporal, con incrementos da demanda nas temporadas alta –do 13%-, media –do 17%- e baixa –do 77% neste caso-. É tamén a única con dinámica positiva no verán.
- En Ourense a perspectiva é diferente pois neste caso o nivel de demanda sobe unicamente na temporada baixa, con caídas no resto do ano.
- En xeral apréciase mellor comportamento relativo na temporada baixa fronte ao resto do ano, con incrementos en todas as provincias con maior intensidade ao observado nas temporadas media e alta.
- O verán é máis crítico e soamente presenta resultados positivos en Lugo.

Variación da demanda por temporadas en cada provincia. Noites 2022/21



ANÁLISE TERRITORIAL


A estadía media nos establecementos de turismo rural varía a nivel territorial. O valor máis elevado localízase na provincia de Pontevedra onde se rexistra neste ano unha media por encima de 2,2 noites. Nas restantes tres provincias a cifra sitúase por debaixo das dúas noites de media, acadando valores relativamente parellos en Lugo e Ourense –con preto de 1,9 noites- e máis baixos en A Coruña –con 1,6 noites neste caso-.

A estadía media descende en todas as provincias, de forma notable en A Coruña –nun 20%- e máis suave nas tres restantes –entre un 2% en Lugo e un 5% en Pontevedra-.


A variación da demanda leva a cambios parellos nos niveis de ocupación en todas as provincias. Así, sobe e mellora en tres provincias –en case cinco puntos en A Coruña, en tres puntos en Lugo e en dous puntos en Pontevedra-, descendendo unicamente en Ourense –en algo máis dun punto neste caso-.

Con isto A Coruña rexistra neste 2022 o nivel de ocupación máis elevado de toda Galicia, cun 23,4% de media anual. As restantes tres provincias fican por debaixo pero moi preto do 20%, con porcentaxes moi parellas. Tal circunstancia aseméllase ao observado en 2019, antes da pandemia.

Estadía media en turismo rural, por provincias.
Ano 2022



Grao de ocupación e variación en turismo rural,
por provincias. 2022/21



TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2022



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22